

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2021 13:38:41

SAIDA


10499/21




Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 29/2021**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 5 de abril de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 5 de abril de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello da Coruña, de información sobre retribución anual bruta no 2020, desagregada por conceptos retributivos, do Director Xeral e do Director Xeral Adxunto da Empresa Municipal Aguas de A Coruña (EMALCSA), as cotizacións empresariais á seguridade social abonadas polas sociedades municipais para cada uns destes cargos, os dividendos ingresados polo Concello procedentes de EMALCSA durante o exercicio 2020 e o informe económico xustificativo de determinación da contía das tarifas vixentes do servizo de abastecemento de auga.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

Considera que non existe razón ningunha para non proceder por parte da Concello á entrega e posta a disposición da información requirida, por canto a súa solicitude refírese a información económica das retribucións e cotización empresariais á Seguridade Social, e por tanto ao custo económico para as sociedades públicas municipais EMALCSA e EMVSA

(propiedade 100% do concello da Coruña) e correspondentes a eses postos directivos de ditas entidades, que non figuran, a pesar de que o esixe a normativa, no seu portal de Transparencia nin nas súas webs. A normativa de Transparencia é de aplicación ás referidas sociedades ao ter capital enteiramente municipal, de acordo co art. 2.1.g de dita Lei.

Considera que non concorre tampouco causa ningunha impeditiva de facilitar tal información.

A solicitude referida á contía dos dividendos ingresados polo Concello de A Coruña procedentes de EMALCSA durante o exercicio 2020 é un simple dato cuantitativo, referido ao ingreso patrimonial que o Concello da Coruña.

Con independencia de que tal dato sexa recollido na liquidación orzamentaria, e que esta información figure na web, unha vez finalizado o exercicio 2020, o Concello debe ter dispoñible esa información.

En canto ao Informe económico xustificativo de determinación da contía das tarifas vixentes do servizo de abastecemento de auga, é un informe económico que é preceptivo e obrigatorio, previo á fixación polo Concello da Coruña das tarifas de dito servizo municipal, que debe ser o que fundamente a contía da prestación.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 8 de abril de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 12 de abril de 2021, sen que polo Concello se remitise copia do expediente nin o informe solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello da Coruña non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente dentro do prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, polo que polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso ante o Concello da Coruña á información sobre retribución e cotizacións empresariais de determinados cargos de empresas municipais e dividendos ingresados polo Concello procedentes das mesmas, así como o informe económico xustificativo de determinación da contía das tarifas vixentes do servizo de abastecemento de auga, información que debe considerarse que é información pública.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse ao Concello a achega do seu criterio respecto da solicitude de acceso á información, mediante a remisión de informe e copia do expediente



que non se recibiu, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos.

A Comisión non ten información sobre o contido concreto dos documentos solicitados, pero ao tratarse de información pública, por ser elaborada ou adquirida no exercicio das súas funcións, debe o Concello, de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 19/2013, dar audiencia ás persoas que ostenten dereitos ou intereses nos expedientes solicitados, e unha vez finalizado este trámite, resolver expresamente sobre o acceso, examinando previamente si a información solicitada esta afectada por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, en cuxo caso deberá, de forma motivada, dissociarse os datos de carácter persoal existentes ou eliminar se procede, os contidos parciais que poidan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (artigos 14.2 da referida Lei).

A resolución que se pronuncie, debe formalizarse coa oferta de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta a oferta do correspondente recurso substitutivo.

O Concello da Coruña non resolveu a solicitude de acceso á información do interesado, polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, o Concello da Coruña non remitiu o informe e o expediente solicitado por esta Comisión, polo que lémbraleselle, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 5 de abril de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ao Concello da Coruña, de información sobre retribución anual e cotizacións de determinados cargos directivos da Empresa Municipal Aguas de A Coruña (EMALCSA), dividendos ingresados polo Concello procedentes da dita empresa e informe económico xustificativo de determinación da contía das tarifas vixentes do servizo de abastecemento de auga.

Segundo: Instar a Concello da Coruña, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Concello da Coruña, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.07.02 12:51:11 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.